

**Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa**  
**REDE DE CONSERVATORIOS DE MÚSICA E DANZA DE GALICIA**

**MD85PRO01**

# **Programación Repentización e acompañamento**

**2023-24.**

Modelo. Programación. MD85PRO01. 01/09/2017. 1



## Índice

---

|            |  |           |
|------------|--|-----------|
| <b>2.</b>  | <b>Introdución.....</b>  | <b>3</b>  |
| <b>3.</b>  | <b>Metodoloxía.....</b>  | <b>4</b>  |
| <b>4.</b>  | <b>Atención á diversidade.....</b>   | <b>5</b>  |
| <b>5.</b>  | <b>Temas transversais.....</b>   | <b>5</b>  |
|            | 5.1 Educación en valores.....  | 5         |
|            | 5.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC´s).....     | 5         |
| <b>6.</b>  | <b>Actividades culturais e de promoción das ensinanzas.....</b>                  | <b>6</b>  |
| <b>7.</b>  | <b>Secuenciación do curso.....</b>   | <b>7</b>  |
|            | 7.1 Curso: 4º de Grao profesional.....   | 7         |
|            | 7.2 Curso: 5º de Grao profesional.....   | 13        |
|            | 7.3 Curso: 6º de Grao Profesional.....   | 19        |
| <b>8.</b>  | <b>Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica.....</b>   | <b>25</b> |
| <b>9.</b>  | <b>Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento.....</b>     | <b>25</b> |
| <b>10.</b> | <b>ANEXOS.....</b>   | <b>26</b> |
|            | 10.1 Probas de acceso 5º de grao profesional (Repentización e acoñamento).....   | 26        |
|            | 10.2 Probas de acceso a 6º de grao profesional (Repentización e acoñamento)..... | 28        |



## 2. Introducción

A Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, establece no seu artigo 6.2 que o Goberno fixará, en relación cos obxectivos, as competencias básicas, os contidos e os criterios de avaliación, os aspectos básicos do currículo que constitúen as ensinanzas mínimas. Así mesmo, a citada Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, no capítulo VI do título I, fixa as características básicas das ensinanzas profesionais de música, dentro das ensinanzas artísticas.

A finalidade do grao profesional das ensinanzas de réxime especial de música é proporcionarlle ao alumnado unha formación artística de calidade e garantir a cualificación dos futuros profesionais. Neste marco, o Real decreto 1577/2006, do 22 de decembro, polo que se fixan os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música reguladas na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, estableceu os aspectos básicos do currículo das ensinanzas profesionais de música, desenvolvidos no posterior decreto de 27 de Xuño .

A presente programación da concreción a dito decreto a nivel de aula, e será o documento polo que se desenrolen os diversos parámetros do traballo de aula dos docentes deste Centro.

A práctica musical que se realiza baixo o nome de Acompañamento caracterízase pola necesidade de relacionar capacidades, coñecementos e destrezas que, por si mesmas, constitúen ámbitos de saberes propios.

O sentido e valor educativo desta disciplina deriva da conveniencia de globalizar os diversos compoñentes que a integran (improvisación, lectura á vista, realización de cifrados, transposición, etc.) por seren comúns, todos eles, á función de acompañar, sen esquecer por iso a experiencia que achega cada un dos devanditos compoñentes por si mesmo.

Posto que o obxectivo principal desta disciplina consiste nun proceso práctico de consolidación do pensamento harmónico e da capacidade de realización en tempo real, o conxunto de coñecementos que a integran debe estar relacionado a través dun enfoque pedagóxico común, aínda que na práctica deba ser desagregado en diversos bloques.

Inclúense dentro dos bloques de contidos os seguintes campos de coñecementos:

-Estudo da improvisación como elemento de formación que capacite, a través da práctica de fórmulas específicas, para elaborar acompañamentos a melodías, así como para construír pequenas pezas musicais que permitan, por medio de ámbolos dous procedementos, obter un primeiro contacto coa improvisación propiamente dita, cuxo estudo en profundidade poderase abordar dentro do Grao Superior.



-Práctica da repentización como procedemento imprescindible para desenvolver automatismos que permitan ao instrumentista a realización instantánea do texto musical, asimilando ao propio tempo e de forma inmediata as súas características en canto á época e estilo a que pertenza. Polo tanto, non se trata soamente de incrementar a capacidade de automatismo e velocidade na lectura do texto, senón de comprender o sentido dos seus elementos esenciais e interpretalos no instrumento a medida que se lee a obra.

-Destreza na transposición como mecanismo que permite adecuar a tonalidade á tesitura dos solistas, fundamentalmente na música vocal, facilita a lectura de partituras de orquestra e, ademais do seu valor funcional, posúe un alto valor formativo que procede, por unha parte, do dominio dos procedementos tradicionais (cambio de claves e armadura, cálculo do número de diferenzas) e, por outra parte, do enfoque sintético que achega a lectura harmónica, grazas ao cal, a estrutura interna dun fragmento musical pode ser interpretada en calquera tonalidade.

-Realización de cifrados (baixos cifrados, cifrado americano, cifrado funcional), como práctica de acompañamento a unha melodía. Esta práctica permite relacionar de forma inmediata os coñecementos harmónicos coa súa aplicación instrumental e, por esixir un certo grao de creatividade, supón ademais, como se dixo anteriormente, un contacto preliminar á improvisación, cuxo estudo en profundidade poderase abordar dentro do Grao Superior.

Os contidos da Repentización e Acompañamento no Grao Profesional foron establecidos non só polo seu valor de preparación para coñecementos que poidan adquirirse en cursos posteriores dentro dunha elección propia de especialización profesional, senón tamén polo valor intrínseco que representan na formación dun instrumentista. Por esta última razón, mantéñense dentro do marco de coñecementos considerados indispensables para satisfacer as necesidades habituais do instrumento..

### 3. Metodoloxía

A metodoloxía a empregar basearase en clases dinámicas e participativas nas que os alumnos se sintan implicados e parte fundamental do proceso educativo. Procurarase empregar actividades variadas e lúdicas con obxecto de que o discente estea motivado e disfrute da aprendizaxe musical. O profesorado desenvolverá a súa estratexia de aula, e seleccionará e secuenciará o material e os recursos didácticos que estime oportunos atendendo ás necesidades específicas do alumnado.



## 4. Atención á diversidade

---

As actividades de clase: programaranse tendo en conta circunstancias propias de cada persoa, como a súa orixe ou lugar de nacemento, situación familiar, capacidades intelectuais, etc.

O alumnado con necesidades específicas de apoio educativo: Os recursos materiais adaptaranse ás necesidades específicas do alumnado. Por exemplo no caso de alumnado invidente proporcionándolle partituras en “Braille”, etc.

A adaptación curricular a elaborará o Departamento atendendo as necesidades específicas do alumnado, pero sempre tendo en conta os mínimos esixidos para cada curso na programación.

## 5. Temas transversais

---

### 5.1 Educación en valores

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que o alumnado adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música dende un punto de vista estético e artístico.

### 5.2 Tratamento das tecnoloxías da información e da comunicación (TIC 's)

Aparte dos valores universais de respecto e convivencia que afectan aos ámbitos da educación ambiental, da educación para a igualdade, da educación para a paz, da educación para o lecer, da educación do consumidor e da educación moral e cívica, que sempre son traballados nas clases individuais e colectivas, nas aulas traballaremos especialmente para que os alumnos adquiran coñecementos e habilidades para ser capaces de valorar a música dende un punto de vista estético e artístico.

## 6. Actividades culturais e de promoción das ensinanzas

---

Estas actividades estarán organizadas ou coordinadas polo centro, ou colaborando con outras entidades alleas, e estarán relacionadas con aspectos propios das ensinanzas de música: Cursos especializados, asistencia a concertos ou ensaios de agrupacións de música, visita a museos ou similar, concertos fora do centro, etc... O alumnado e os seus responsables legais estarán informados con anterioridade de tódolos datos pertinentes.

Nestas actividades, organizadas para incentivar ao alumnado e mellorar a súa educación, se resaltarán, ademais valores de respecto e convivencia, entre outros.

---

## 7. Secuenciación do curso

---

### 7.1 Curso: 4º de Grao profesional.

#### 7.1.1 Obxectivos

- Recoñecer os elementos que constitúen unha partitura ou fragmento segundo se toca a primeira vista ou despois dunha breve lectura sen instrumento.
- Realizar lectura a primeira vista sobre o instrumento.
- Practicar no instrumento os procedementos básicos do sistema tonal. Relación escala acorde
- Coñecer por medio da análise, os elementos armónicos que conforman as partituras, relación escala acorde.
- Improvisar sobre esquemas armónicos dados. Analizar estándares por medio do cifrado funcional e usando os símbolos para a análise da armonía tonal moderna.
- Realizar acompañamentos a melodías dadas. Acompañarse a si mesmos cantando a melodía con exercicios do curso 2º de grao elemental de Linguaxe Musical.
- Coñecer a técnica do transporte armónico e melódico e transportar pequenos fragmentos e esquemas armónicos sinxelos axeitados ao nivel a todos os tonos
- Practica do cifrado americano, cifrado funcional, análise dos estándares de diferentes recopilatorios de pezas
- Desenvolver o oído, especialmente o harmónico
- Interpretar stándares de nivel axeitado ao curso de música moderna pop, rock, jazz, etc. con acordes sinxelos e as suas inversións
- Realizar enlaces de acordes às posicións mais cercanas

#### 7.1.2 Contidos

- Improvisación:

- Emprego dos sete graos da escalas diatónicas coas súas inversións nos modos maior e menor en calqueira tono empregando tensións sempre cun nivel axeitado ao curso
- Improvisación con notas reais e notas de paso sobre unha estrutura harmónica dada en frases regulares de 4, 8, 16 compases, diferenciando entre preguntas e respostas, conclusivo ou non conclusivo.
- Improvisación de acompañamento a unha melodía dada..
- Improvisación modal acompañando con acordes triadas ou acordes por cuartas ou calqueira outra combinación fomentando a experimentación do alumnado
- Subdivisión interna da frase
- Interiorización de solos musicáis, memorización y posterior interpretación como base para a improvisación.
- Cifrado americano, cifrado funcional
  
- Exercicios de recoñecemento dos acordes tonáis maiores, menores, sétima dominante, con sétima maior e con novena en estado fundamental e invertido  
Análisis e interpretación dos estándares da música popular moderna.
- **Repentización:**
  - Exercicios de recoñecemento dos elementos constituíntes de partituras sinxelas ou fragmentos.
  - Lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica.
  - Introducción á lectura harmónica.
  - Repentización con carácter de acompañante ou non.
- **Transposición:**
  - O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
  - Transposición de estruturas armónicas e melódicas breves II-V-I
  - Transposición de temas populares fácilmente recoñecibles. .
- **Acompañamento:**



- Acompañar lecciones dos métodos de Linguaxe Musical do curso 2º de grao elemental, tanto a outros alumnos coma a si mesmos cantando e acompañando simultaneamente.
- Deseño de diferentes acompañamentos para unha melodía dada

### 7.1.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Repentizar partituras para teclado realizando previamente unha análise melódica, harmónica e rítmica. Mediante este criterio poderáanse valorar os coñecementos analíticos do alumnado no aspecto harmónico, melódico e rítmico.
- Transportar a todos os tons estruturas armónicas e melódicas en progresión II-V-I cunha melodía formada principalmente por notas do acorde e algunha nota de paso cunha dificultade axeitada ao nivel. Introducción às tensións armónicas. Con este criterio preténdese avaliar o coñecemento dos tons e o desenrolo auditivo e a capacidade do alumnado de adaptar as mans e as dicitacións à fisionomía das distintas escalas
- Improvisar com estruturas melódicas baseadas nas notas dos acordes ou nas escalas por graos conxuntos sobre unha estrutura armónica dada en música tonal ou en música modal. Con este criterio preténdese valorar o coñecemento do alumnado das relacións escala-acorde (dúas formas da mesma cousa)
- Interpretar estándares axeitados ao nivel do Real Book ou similares con cifrado americano facendo os voicings coma acompañante (comping) ou coma solista improvisando coa dereita sobre notas do acorde ou escala en graos conxuntos ascendente e descendentemente.
- Realizar ao teclado as diferentes inversións dos acordes e recoñecer as tensións armónicas para poder realizar un acompañamento variado. Con este criterio trátase de valorar no alumnado a capacidade para descifrar rápidamente os acordes, de calcular os intervalos, controlar a armadura, enlazar correctamente e facer un acompañamento nun conxunto instrumental ou vocal
- Realizar cun ritmo básico, os acordes sinalados nunha partitura na que só aparezan a melodía e o cifrado americano. Mediante este criterio valoraremos o grao de desenvolvemento do alumnado e a súa capacidade para dar forma instrumental a través da decodificación da harmonía segundo o sistema americano.

- Acompañar lecciones dos método de 2º de GE de Linguaxe Musical cantando eles mesmos. Este criterio pretende conectar as diferentes especialidades do currículo e preparar ao alumnado que encamiñe a súa formación hacia a pedagogía
- Diseñar un acompañamento para unha melodía dada coa man esquerda ou coas dúas mans. Este criterio pretende avaliar a capacidade creativa do alumnado
- Asistir a clase e traballar as tarefas postas semanalmente polo profesor. Este criterio pretende avaliar a participación e involucramento do alumnado na materia

### Mínimos esixibles

Estarán dacordo cos contidos e obxectivos fixados na Programación do Curso correspondente. En todo caso, para aprobar a materia deberase alcanzar un mínimo dun 40% en cada apartado e unha nota media de cinco, como queda reflectido no apartado dos Criterios de Cualificación.

### Procedementos e ferramentas de avaliación

A principio de curso procederase a realizar unha avaliación inicial para determinar o punto de partida sobre o cal establecer a programación específica para cada persoa.

Como a avaliación é continua, procederase a facer a avaliación procesual mediante o seguimento do reflectido no procedemento ordinario de avaliación.

A avaliación final farase tendo en conta a consecución dos obxectivos para cada curso.

Aquelas persoas que non acaden os obxectivos na avaliación final terán que amosar o seu grao de consecución na convocatoria de Xuño.

O profesorado poderá empregar como ferramentas de avaliación as seguintes:

- Traballo individual do alumnado: segundo o recollido polo profesorado no caderno de clase.
- Audicións de aula: realizadas coa periodicidade que estime o profesorado.
- As actividades que o profesorado estime conveniente: audicións organizadas polo departamento, audicións organizadas polo profesorado, cursiños, intercambios, etc.

### Criterios de cualificación

#### 1. Criterios Técnicos e Estéticos.

- Transporte 22,5%

- Repentización 22,5%
- Acompañamento 22,5%
- Improvisación 22,5%
- Participación en actividades 10%

Criterios de cualificación da Proba Extraordinaria de Xuño:

1. Criterios Técnicos e Estéticos.

- Improvisación sobre unha estrutura harmónica, cifrados 25 %
- Transporte 25%
- Repentización 25%
- Acompañamento 25%

[Criterios para a concesión de ampliación de matrícula](#)

Para o alumnado que teñan un nivel superior ao do curso no que están, poderase concederlles a ampliación de matrícula ao curso superior. A través do diálogo entre todas as partes implicadas, a saber, profesorado, titores legais e alumnado, buscarase conseguir o maior rendemento escolar posible en cada caso a través dunha planificación axeitada e moi meditada, seguindo os pasos establecidos no protocolo existente no centro para estes casos de ampliación de matrícula.

#### 7.1.4 Medidas de recuperación

[Procedementos de recuperación ordinarios](#)

En cada avaliación, o alumnado que non consiga aprobar a materia, recibirá un Informe de Avaliación que recolla os obxectivos non acadados e as tarefas de recuperación que o profesorado considere necesarias. Ao tratarse de grupos moi reducidos, o profesorado determinará as actividades de recuperación a seguir, poidendo amoldarse de xeito óptimo as necesidades do alumnado.

## Convocatoria extraordinaria de Xuño

O alumnado que non consiga superar a materia en maio poderá presentarse á proba extraordinaria que se realizará no mes de Xuño. Para esta proba, o alumnado cinguirase ao especificado na proposta de Actividades de Recuperación recollida no Informe de avaliación negativo elaborado no mes de xuño polo profesorado, actividades planificadas de xeito individualizado e conforme a esta programación. Este traballo deberá enfocarse para que o alumnado poida realizalo de forma autónoma. Este Informe de avaliación Negativo será entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net.

### 7.1.5 Recursos didácticos

Por tratarse dunha materia de carácter colectivo, dispoñemos na aula de polo menos catro teclados, así como un reprodutor de música e un encerado.

#### BIBLIOGRAFÍA

- The Berklee book of jazz Harmony, Berklee Press
- Piano specimen sight-reading test. Vols.II e III
- Tratado de acompañamiento. E. Durand.
- Tratado de acompañamiento, Camilo Williart, (vols 1 y 2). Real Musical
- Bajo Cifrado Barroco.Asins Arbó, Williart y Molina. Real Musical
- Teoría y práctica del Bajo Cifrado. M. Asins Arbó. Real Musical
- The jazz piano book.- Mark Levine.
- Real Book.
- Método de piano moderno. Alfredo Susavila

## 7.2 Curso: 5º de Grao profesional.

### 7.2.1 Obxectivos

- Recoñecer os elementos que constitúen unha partitura axeitaea ao nivel segundo se toca a primeira vista ou despois dunha breve lectura sen instrumento.
- Realizar lectura a primeira vista sobre o instrumento. Ampliación dificultade respecto ao curso anterior
- Practicar no instrumento os procedementos básicos do sistema tonal. Relación escala acorde, tensións armónicas
- Improvisar sobre esquemas armónicos dados axeitados ao nivel. Analizar estándares por medio do cifrado funcional e usando os símbolos para a análise da armonía tonal moderna.
- Realizar acompañamentos a melodías dadas. Acompañarse a si mesmos cantando pezas do método de Linguaxe Musical curso 3º de Grao Elemental.
- Ampliar o coñecemento da técnica do transporte a todos os tonos incrementando a dificultade e lonxitude dos fragmentos e esquemas armónicos
- Realizar cifrado americano e cifrado funcional na análise dos estándares de diferentes recopilatorios de pezas
- Desenvolver o oído, especialmente o armónico.
- Ampliar o coñecemento de músicas populares modernas blues, jazz, rock, etc.

### 7.2.2 Contidos

- Improvisación:
  - Emprego dos graos das escalas diatónicas coas súas inversións nos modos maior e menor en calqueira tono empregando as tensións nun nivel axeitado ao curso
  - Improvisación con notas reais, de paso e floreos sobre unha estrutura harmónica dada.
  - Improvisación de acompañamentos a melodías dadas.
  - Improvisación modal acompañados por acordes en triadas ou acordes en cuartas ou calqueira outra combinación fomentando a experimentación do alumno



- Proceso pregunta-resposta de acordo coas estruturas harmónicas.
- Ampliación dos coñecementos do cifrado usando acordes de novena, novena e treceava bemoles e sétima maior.
- Realización ó piano de fórmulas harmónicas a catro partes, utilizando os enlaces de voces máis axeitados. Con acordes en estado fundamental e nas súas inversións e usando as tensións permitidas nun nivel axeitado ao curso
- Exercicios de recoñecementos de acordes en estado fundamental e invertido coas tensións citadas no punto anterior.
- Interiorización de solos musicáis, memorización y posterior interpretación como base para a improvisación.
- Interpretación de estándares do Real Book, Latin book, Rock, Pop, etc.
- Repentización:
  - Exercicios de recoñecemento dos elementos constituintes de partituras de dificultade media.
  - Lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica. (ampliación de coñecementos)
  - Introducción á lectura harmónica.
    - Repentización con carácter de acompañante ou non.
    - Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos.
  - Transposición:
    - Coñecemento da técnica e mecánica tradicional do transporte: claves, armaduras, diferencias, etc.
    - Transposición de estruturas armónicas e de pequenas pezas afeitadas ao nivel
    - O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
    - Transporte harmónico e a súa aplicación a instrumentos polifónico
  - Acompañamento:
    - Acompañamento de pezas do curso 3º de Grao Elemental do método de L.M. Acompañaranse a si mesmos ou a outros compañeiros., a melodía poderá ser interpretada coa voz ou con outros teclados ou instrumentos.
    - Crear acompañamentos a melodías dadas do repertorio clásico ou popular da música moderna e actual.



## 7.2.3 Avaliación

### Criterios de avaliación

- Repentizar partituras para teclado realizando previamente unha análise melódica, harmónica e rítmica. Mediante este criterio poderáanse valorar os coñecementos analíticos do alumnado no aspecto harmónico, melódico e rítmico.
- Transportar a todos os tons estruturas armónicas e melódicas en progresión II-V-I utilizando tensiones armónicas e deseños melódicos axeitados ao nivel. Con este criterio preténdese avaliar o coñecemento dos tons e o desenrolo auditivo e a capacidade do alumnado de adaptar as mans e as dixitacións à fisionomía das distintas escalas así coma a súa capacidade creativa.
- 
- Improvisar motivos melódicos con significado e desenrolalos sobre unha estrutura armónica dada en música tonal ou en música modal. Con este criterio preténdese valorar o coñecemento do alumnado das relacións escala-acorde (dúas formas da mesma cousa) e a súa capacidade creativa
- Interpretar estándares axeitados ao nivel do Real Book ou similares con cifrado americano facendo os voicings coma acompañante (comping) ou coma solista improvisando coa dereita sobre notas do acorde ou escala en graos conxuntos ascendente e descendentemente, en arpejos ou com motivos curtos com significado para avaliar a capacidade creativa do alumno, o grao do seu desenvolvemento auditivo e o seu coñecemento da relación escala acorde
- Realizar ao teclado as diferentes inversións dos acordes e recoñecer as tensións armónicas para poder realizar un acompañamento variado axeitado ao seu nivel. Con este criterio trátase de valorar no alumnado a capacidade para descifrar rápidamente os acordes, de calcular os intervalos, controlar a armadura, enlazar correctamente e facer un acompañamento nun conxunto instrumental ou vocal
- Realizar cun ritmo básico, os acordes sinalados nunha partitura na que só aparezan a melodía e o cifrado americano. Mediante este criterio valoraremos o grao de desenvolvemento do alumnado e a súa capacidade para dar forma instrumental a través da decodificación da harmonía segundo o sistema americano.
- Acompañar lecciones dos método de 3º de GE de Linguaxe Musical cantando eles mesmos. Este criterio pretende conectar as diferentes especialidades do currículo e preparar ao alumnado que encamiñe a súa formación hacia a pedagogía
- Diseñar un acompañamento para unha melodía dada coa man esquerda ou coas dúas mans. Este criterio pretende avaliar a capacidade creativa do alumnado



- Asistir a clase e traballar as tarefas postas semanalmente polo profesor. Este criterio pretende avaliar a participación e involucramento do alumnado na materia.

#### Mínimos esixibles

Estarán dacordo cos contidos e obxectivos fixados na Programación do Curso correspondente. En todo caso, para aprobar a materia deberase alcanzar un mínimo dun 50% en cada apartado e unha nota media de cinco, como queda reflectido no apartado. dos Criterios de Cualificación.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

A principio de curso procederase a realizar unha avaliación inicial para determinar o punto de partida sobre o cal establecer a programación específica para cada persoa.

Como a avaliación é continua, procederase a facer a avaliación procesual mediante o seguimento do reflectido no procedemento ordinario de avaliación.

A avaliación final farase tendo en conta a consecución dos obxectivos para cada curso.

Aquelas persoas que non acaden os obxectivos na avaliación final terán que amosar o seu grao de consecución na convocatoria de Xuño.

As probas de acceso aos diferentes cursos realizaranse dacordo co establecido na programación.

O profesorado poderá empregar como ferramentas de avaliación as seguintes:

- Traballo individual do alumnado: segundo o recollido polo profesorado no caderno de clase.
- Audicións de aula: realizadas coa periodicidade que estime o profesorado.
- As actividades que o profesorado estime conveniente: audicións organizadas polo departamento, audicións organizadas polo profesorado, cursiños, intercambios, etc.

#### Criterios de cualificación

- Criterios Técnicos e Estéticos.
  - Transporte 22,5%
  - Repentización 22,5%
  - Acompañamento 22,5%





- Improvisación 22,5%
- Participación en actividades 10%
  
- Criterios de cualificación da Proba Extraordinaria de Xuño.
  - Criterios Técnicos e Estéticos.
  - Improvisación sobre unha estrutura harmónica. Cifrados 25 %
  - Transporte 25%
  - Repentización 25%
  - Acompañamento 25%

#### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para aquelas persoas que teñan un nivel superior ao do curso no que están, poderase concederlles a ampliación de matrícula ao curso superior (sempre que houbera praza vacante). A través do diálogo entre todas as partes implicadas, a saber, profesorado, titores legais e alumnado, buscarase conseguir o maior rendemento escolar posible en cada caso a través dunha planificación axeitada e moi meditada, seguindo os pasos establecidos no protocolo existente no centro para estes casos de ampliación de matrícula.

#### 7.2.4 Medidas de recuperación

##### Procedementos de recuperación ordinarios

En cada avaliación, o alumnado que non consigan aprobar a materia, recibirán un Informe de Avaliación que recolla os obxectivos non acadados e as tarefas de recuperación que o profesorado considera necesarias. Ao tratarse de grupos moi reducidos, o profesorado determinará as actividades de recuperación a seguir, poidendo amoldarse de xeito óptimo as necesidades do alumnado.

### Convocatoria extraordinaria de Xuño

O alumnado que non consiga superar a materia en maio poderá presentarse á proba extraordinaria que se realizará no mes de Xuño. As obras e exercicios a realizar na Proba Extraordinaria de Xuño serán notificadas ao alumnado no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net.

#### 7.2.5 Recursos didácticos

- Por tratarse dunha materia de carácter colectivo, dispoñemos na aula de polo menos catro teclados así como un reprodutor de música e un encerado.
- BIBLIOGRAFÍA:
  - The Berklee book of jazz Harmony, Berklee Press
  - Piano specimen sight-reading test. Vols.IV e V
  - Tratado de acompañamiento. E. Durand.
  - Tratado de acompañamiento, Camilo Williart, (vols 1 y 2). Real Musical
  - The jazz piano book. Mark Levine
  - Real Book
  - Método de piano moderno. Alfredo Susavila

## 7.3 Curso: 6º de Grao Profesional

### 7.3.1 Obxectivos

- Recoñecer os elementos que constitúen unha partitura segundo se toca a primeira vista ou despois dunha breve lectura sen instrumento.
- Realizar lectura a primeira vista sobre o instrumento pezas de maior dificultade que em cursos anteriores
- Coñecer dun xeito práctico os procedementos básicos do sistema tonal. Relación escala acorde, tensións armónicas, modos, escalas artiiciais, escalas dominantes...
- Improvisar unidades formais sobre esquemas armónicos dados. Analizar estándares por medio do cifrado funcional e usando os símbolos para a análise da armonía tonal moderna ampliando recursos respecto a outros cursos: Acordes substitutos de tritono, intercambio modal, dominantes secundarias, etc.
- Realizar acompañamentos a melodías dadas. Acompañar leccións do curso 4º de L.M. cantando eles mesmos ou acompañando a un terceiro.
- Ampliar o coñecemento da técnica do transporte a calqueira tonalidade.
- Realizar cifrados utilizando todos os tipos de acordes e todas as tensións permitidas.
- Desenvolver o oído, especialmente o armónico.
- Ampliar o coñecemento das músicas modernas coma o Jazz, Soul, Blues, Rock, etc. Interpretar estándares.

### 7.3.2 Contidos

- Improvisación
  - Emprego de todos os graos coas súas inversións nos modos maior e menor e con todas as tensións permitidas.
  - Improvisación con notas reais, de paso, floreos, retardos, anticipacións e apoia-turas sobre unha estrutura harmónica dada en compases simples e compostos cunha extensión de ata oito ou doce compases.

- Improvisación de acompañamentos a melodías dadas en compás simple e composto en calquera tonalidade.
- Estructuras harmónicas básicas elaborando frases, breves fragmentos e pequenas pezas.- Realización ó piano de fórmulas harmónicas a catro partes, utilizando os enlaces de voces usando calqueira tipo de acorde e todas as tensións permitidas.
- Desenvolvemento improvisado de estruturas harmónicas.
- Realización de cancións de repertorio con ritmos variados e harmonías sinxelas.
- Interpretación de pezas do Real Book e improvisar estruturas Blues.
- **Repentición**
  - Exercicios de recoñecemento dos elementos constituintes de partituras de dificultado media.
  - Lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica de partituras de diferentes épocas e estilos.
  - Repentización con carácter de acompañante ou non.
  - Análise harmónico-formal, melódico-rítmico aplicado á repentización.
  - Memorización da estrutura harmónica previa á lectura de fragmentos curtos.
  - Lectura harmónica de partituras do ámbito tonal.
  - Interpretación dos elementos substanciais derivados da análise.
- **Transposición:**
  - O transporte na música actual usando todas as tonalidades.
  - O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
  - Transporte harmónico e a súa aplicación a instrumentos polifónicos
  - Transposición de estruturas armónicas de dificultade axeitada ao nivel.
  - Transporte de fragmentos breves a calquera tonalidade.
- **Acompañamento:**
  - Acompañamento de lección do método de L.M. curso 4º de Grao Elemental cantando eles mesmos ou acompañando a outros compañeiros interpretando a melodía por medio da voz ou por medio doutros teclados ou instrumentos.

### 7.3.3 Avaliación

#### Criterios de avaliación

- Repentizar partituras de máis dificultade que cursos anteriores para teclado realizando previamente unha análise melódica, harmónica e rítmica. Mediante este criterio poderánse valorar os coñecementos analíticos do alumnado no aspecto harmónico, melódico e rítmico.
- Transportar a todos os tons estruturas armónicas e melódicas en varias progresións armónicas de máis lonxitude que nos cursos anteriores utilizando tensións armónicas e deseños melódicos axeitados ao nivel. Con este criterio preténdese avaliar o coñecemento dos tons e o desenrolo auditivo e a capacidade do alumnado de adaptar as mans e as dixitacións à fisionomía das distintas escalas así coma a súa capacidade creativa.
- 
- Improvisar motivos melódicos con significado e desenrolalos sobre unha estrutura armónica dada en música tonal ou en música modal. Con este criterio preténdese valorar o coñecemento do alumnado das relacións escala-acorde (dúas formas da mesma cousa) e a súa capacidade creativa
- Interpretar estándares axeitados ao nivel do Real Book ou similares con cifrado americano facendo os voicingns coma acompañante (comping) ou coma solista improvisando coa dereita libremente motivos e unha utilización efectiva do silencio com significado para avaliar a capacidade creativa do alumno, o grao do seu desenvolvemento auditivo e o seu coñecemento da relación escala acorde
- Realizar ao teclado as diferentes inversións dos acordes e recoñecer as tensións armónicas para poder realizar un acompañamento variado axeitado ao seu nivel. Con este criterio trátase de valorar no alumnado a capacidade para descifrar rápidamente os acordes, de calcular os intervalos, controlar a armadura, enlazar correctamente e facer un acompañamento nun conxunto instrumental ou vocal
- Realizar pezas com cifrado americano cunha dificultade axeitada ao nivel. Mediante este criterio valoraremos o grao de desenvolvemento do alumnado e a súa capacidade para dar forma instrumental a través da decodificación da harmonía segundo o sistema americano.
- Acompañar lecciones dos método de 4º de GE de Linguaxe Musical cantando eles mesmos. Este criterio pretende conectar as diferentes especialidades do currículo e preparar ao alumnado que encamiñe a súa formación hacia a pedagogía
- Diseñar un acompañamento para unha melodía dada coa man esquerda ou coas dúas mans. Este criterio pretende avaliar a capacidade creativa do alumnado



- Asistir a clase e traballar as tarefas postas semanalmente polo profesor. Este criterio pretende avaliar a participación e involucramento do alumnado na materia.

Estarán dacordo cos contidos e obxectivos fixados na Programación do Curso correspondente. En todo caso, para aprobar a materia deberase alcanzar un mínimo dun 50% en cada apartado e unha nota media de cinco, como queda reflectido no apartado dos Criterios de Cualificación.

#### Procedementos e ferramentas de avaliación

A principio de curso procederase a realizar unha avaliación inicial para determinar o punto de partida sobre o cal establecer a programación específica para cada persoa.

Como a avaliación é continua, procederase a facer a avaliación procesual mediante o seguimento do reflectido no procedemento ordinario de avaliación.

A avaliación final farase tendo en conta a consecución dos obxectivos para cada curso.

Aquelas persoas que non acaden os obxectivos na avaliación final terán que amosar o seu grao de consecución na convocatoria de Xuño.

O profesorado poderá empregar como ferramentas de avaliación as seguintes:

- Traballo individual do alumnado: segundo o recollido polo profesorado no caderno de clase.
- Audicións de aula: realizadas coa periodicidade que estime o profesorado.
- As actividades que o profesorado estime conveniente: audicións organizadas polo departamento, audicións organizadas polo profesorado, cursiños, intercambios, etc.

#### Criterios de cualificación

- Criterios Técnicos e Estéticos.
  - Transporte 22,5%
  - Repentización 22,5%
  - Acompañamento 22,5%
  - Improvisación 22,5%
  - Participación en actividades 10%



### Criterios de cualificación da Proba Extraordinaria de Xuño.

- Criterios Técnicos e Estéticos.
  - Improvisación sobre unha estrutura harmónica, cifrados 25 %
  - Transporte 25%
  - Repentización 25%
  - Acompañamento 25%

### Criterios para a concesión de ampliación de matrícula

Para aquelas persoas que teñan un nivel superior ao do curso no que están, poderase concederlles a ampliación de matrícula ao curso superior (sempre que houbera praza vacante). A través do diálogo entre todas as partes implicadas, a saber, profesorado, titores legais e alumnado, buscarase conseguir o maior rendemento escolar posible en cada caso a través dunha planificación axeitada e moi meditada, seguindo os pasos establecidos no protocolo existente no centro para estes casos de ampliación de matrícula.

## 7.3.4 Medidas de recuperación

### Procedementos de recuperación ordinarios

En cada avaliación, o alumnado que non consigan aprobar a materia, recibirán un Informe de Avaliación que recolla os obxectivos non acadados e as tarefas de recuperación que o profesorado considera necesarias. Ao tratarse de grupos moi reducidos, o profesorado determinará as actividades de recuperación a seguir, poidendo amoldarse de xeito óptimo as necesidades do alumnado.

### Convocatoria extraordinaria de Xuño

O alumnado que non consiga superar a materia en maio poderá presentarse á proba extraordinaria que se realizará no mes de Xuño. As obras e exercicios a realizar na Proba Extraordinaria de Xuño serán notificadas ao alumnado no seu correspondente Informe de Avaliación Negativo entregado xunto co Boletín de Notas e/ou enviado por Centros-Net.

#### 7.3.5 Recursos didácticos

Por tratarse dunha materia de carácter colectivo, dispoñemos na aula de polo menos dous pianos, así como un reprodutor de música e un encerado.

#### BIBLIOGRAFÍA:

- Tratado de acompañamiento. E. Durand.
- Tratado de acompañamiento, Camilo Williart, (vols 1 y 2). Real Musical
- The jazz piano book.- Mark Levine
- The Berklee book of jazz Harmony, Berklee Press
- Piano specimen sight-reading test. Vols.V e V
- Método de piano moderno vols. I a VIII. Alfredo Susavila



## 8. Procedementos de avaliación e seguimento da programación didáctica

---

O Seguimento da Programación realizarase, como mínimo, unha vez ao mes nas reunións de Departamento no que será un dos puntos do día de ditas reunións.

Para a realización da Homoxeneización, antes de entregar a Programación, os profesorado da mesma asignatura acordará os diferentes Criterios de Cualificación, así como o seu nivel de concreción, que se verá reflexado na correspondente Programación Didáctica.

O proceso de Calibración realizarase naqueles casos nos que existan mais dun docente por asignatura e mesmo nivel educativo:

Nas especialidades teóricas, o profesorado da mesma asignatura e nivel educativo poderá concretar todo o referente ao sistema de corrección das diferentes probas a realizar; os resultados das mesmas poderanse analizar nas Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación para comprobar o correcto funcionamento do procedemento.

Nas especialidades instrumentais, os diferentes docentes comunicarán con tempo suficiente as datas das Audicións, Probas de Aula ou todas aquelas actividades que poidan servir para a realización da Calibración. A posta en común dos resultados, conclusións, axustes... poderán levarse a cabo nas diferentes Reunións de Departamento e/ou sesións de Avaliación.

## 9. Procedementos para realizar a avaliación interna do departamento

---

O Departamento realizará trimestralmente unha autoavaliación interna en canto ao seu funcionamento, dinámica e temática das reunións, ambiente de traballo, convivencia, coordinación existente coa CCP, outros departamentos e equipo directivo, grao de satisfacción coa Xefatura de Departamento, etc., como estratexia de mellora e cambio. Para eso, farase unha posta en común entre as persoas qe compoñen o departamento, podendo tamén empregar enquisas.

## 10. ANEXOS

---

### 10.1 Probas de acceso 5º de grao profesional (Repentización e acomañamento)

- O exame consta de dúas probas:
- Repentización dunha ou varias pezas para piano disposta polo Tribunal do nivel das pezas dos volúmenes 5º e 6º do método da ABRSM "Sight reading specimen text"
- Transposición dun estudio op.599 de Czerny entre os números 19 a 31 a seis tonalidades distintas (incluíndo o tono orixinal) a elixir polo aspirante. Terá que tocalo primeiro no tono orixinal e logo no tono elixido polo examinador de entre os seis propostos polo examinado.

#### Contidos

- Repentización:
  - Lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica.
  - Introducción á lectura harmónica.
  - Repentización con carácter de acompañante ou non.
- Transposición:
  - O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
  - Transposición de estruturas armónicas breves.
  - Transposición de pezas axeitadas ao nivel.

#### Criterios de avaliación e cualificación

- Realizar o exercicio de repentización con continuidade e fluidez tendo en conta as indicacións dinámicas, articulacións, fraseo, etc.
- Realizar o exercicio de transposición con fluidez amosando o coñecemento das tonalidades e as destrezas do transporte melódico e armónico.

Esta proba cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para a superar.

- Exercicio de repentización 50%
- Exercicio de transposición 50 %

## 10.2 Probas de acceso a 6º de grao profesional (Repentización e acompañamento)

- O exame consta de dúas probas:
- Repentización dunha ou varias pezas para piano disposta polo Tribunal do nivel das pezas dos volúmenes 7º e 8º do método da ABRSM "Sight reading specimen text"
- Transposición dun estudio op.599 de Czerny entre os números 19 a 31 a calqueira tonalidade. Terá que tocalo primeiro no tono orixinal e logo no tono elexido polo examinador.

### Contidos

- Repentización:
  - Lectura á primeira vista e a súa aplicación práctica.Introducción á lectura harmónica.  
Repentización con carácter de acompañante ou non.  
Análise harmónico-formal, melódico-rítmico aplicado á repentización.
- Transposición:
  - Transposición de estruturas armónicas.
  - O transporte como desenvolvemento formativo de capacidades e reflexos.
  - Transporte harmónico e melódico a súa aplicación a instrumentos polifónicos.

### Criterios de avaliación e cualificación

- Realizar o exercicio de repentización con continuidade e fluidez tendo en conta as indicacións dinámicas, articulacións, fraseo, etc.
- Realizar o exercicio de transposición con fluidez amosando o coñecemento das tonalidades e as destrezas do transporte melódico e armónico.

Esta proba cualificarase de cero a dez puntos e cumprirá unha cualificación mínima de cinco puntos para a superar.

- Exercicio de repentización 50%
- Exercicio de transposición 50 %

